- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.



UD	Título da UD	Duración
12	Defender lo nuestro.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Que o alumno coñeza o proceso de formación das linguas oficiais e saber identificar trazos básicos de cada unha	PE	44
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	. Que o alumnado valore a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Que o alumnado cree textos básicos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Que o alumnado elabore traballos de investigación de maneira guiada.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Que o alumnado interprete o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Que o alumnado interprete as obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Que o alumnado incorpore procedementos básicos para enriquecer os textos.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Que o alumnado revise os textos propios e solucione problemas de comprensión.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Que o alumnado revise os textos propios e solucione problemas de comprensión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Que o alumnado comprenda o sentido global, a estrutura, a información das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos sinxelos	TI	56
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Que o alumnado valore a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade e a eficacia		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Que o alumnado comprenda e interprete o sentido global a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Que o alumnado seleccione información crítica, segura e fiable mediante tecnoloxías dixitais de maneira guiada.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	Que o alumnado localice información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Que o alumnado identifique os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Que o alumnado identifique usos discriminatorios, abusos de poder e usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Que o alumnado realice exposicións orais sinxelas		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Que o alumnado participe en interaccións orais informais e sexa competente no traballo en equipo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Que o alumnado redacte textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes, cohesionados, atendendo á situación comunicativa.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelabora a e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Que o alumnado reelabore información e adopte un punto de vista crítico.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Que o alumnado revise os textos propios de maneira guiada e faga propostas de mellora.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	Que o alumnado use estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Que o alumnado faga interaccións orais informais acerca de obras literarias.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Que o alumnado valore a forma e o contido de textos literarios.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Que o alumnado elixa e lea textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Que o alumnado comparta a experiencia da lectura.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Que o alumnado recoñeza os vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos atendendo a valores éticos e estéticos.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Que o alumnado cree textos persoais ou colectivos con intención literaria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	. Que o alumnado seleccione e contraste a información.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Que o alumnado formule xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.</li> <li>- Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.</li> </ul> </li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.</li> </ul> </li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
  - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
  - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
  - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
  - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
  - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En segundo da ESO, preténdese potenciar a capacidade de comunicación lingüística dos alumnos e propiciar a reflexión permanente sobre a linguaxe como medio de comunicación, de representación, de regulación da propia actividade e de goce estético.

Traballaremos o bloque das linguas e os seus falantes atendendo especialmente á identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos a partir da observación da diversidade lingüística que atopamos nos textos orais e escritos de maior actualidade e tamén naqueles textos clásicos cuxa distancia histórica facilita dita identificación.

En canto a comunicación oral e comunicación escrita, o noso traballo consistirá en:

- A partir da lectura ou escoita dun texto, o alumno realizará actividades relativas á comprensión do mesmo e, a continuación, ó recoñecemento da estrutura e tipo do texto, dos personaxes, etc.
- O alumno producirá textos orais e escritos similares respectando no posible e axeitado ó seu nivel as principais propiedades: coherencia, cohesión, adecuación, corrección(ortográfica, presentación, etc.)

Sobre a reflexión sobre a lingua:

- Analízanse os mecanismos da lingua que permitirán mellorar a competencia gramatical do alumnado partindo de oracións, expresións ou palabras procedentes do texto da lectura inicial de cada unidade. Faremos unha análise gramatical, clasificando as palabras, vendo a súa estrutura, a función na oración, etc. Tamén intentaremos enriquecer o léxico buscando os sinónimos e antónimos, acudindo ó dicionario e apuntando as palabras descoñecidas, etc.
- A ortografía será traballada coas lecturas (actividades de desenvolvemento) e coa elaboración de fichas ortográficas (para actividades de reforzo ou desenvolvemento) que engadan tamén as regras ortográficas básicas e máis rendibles de xeito práctico e lúdico.

Atendendo ó bloque de educación literaria: Lectura e comentario de textos literarios pertencentes ós diferentes xéneros e a distintas épocas e movementos literarios a partir de fragmentos axeitados á idade do alumnado e unha serie de actividades para levar a cabo a comprensión lectora de ditos textos. Neste terreo, cabe destacar a redacción de textos de intención literaria, adaptándose ó xénero, buscando a estrutura e presentación axeitadas, etc. Farase

fincapé na conexión dos contidos literarios coas demais artes, coas correntes de pensamento e co contexto histórico da súa produción, buscando que os alumnos -ademais de facerse unha idea do panorama literario, tanto nos seus xéneros coma no seu desenvolvemento- comecen a facer un traballo de interpretación. Tamén se lles proporán enigmas para que aprendan a procurar información sobre os textos, os autores, etc. na prensa, nos fondos da nosa biblioteca e en internet.

Dado que a nosa é unha asignatura de letras e aínda existe un prexuízo nos escolares, que a asocian a un mero traballo memorístico, procuraremos reducir os contidos teóricos ao mínimo posible e centrar a nosa actividade non tanto na reprodución da información coma na súa aplicación a supostos prácticos, como por exemplo a interpretación de textos e a reflexión crítica sobre o seu sentido. Os contidos gramaticais estarán enfocados a asegurar que o alumno coñeza a norma lingüística para aplicala á corrección dos textos. Tamén estes coñecementos serán construídos polos propios estudantes.

Por último, debemos sinalar que empregaremos unha tripla metodoloxía segundo os contidos a traballar: condutista (para interiorizar mecanismos) para traballar cuestións ortográficas; por modelos para traballar a gramática e a tipoloxía textual (incluídos os xéneros literarios); e por descubrimento para traballar tanto aspectos da gramática coma a tipoloxía textual e a literatura.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntes, actividades e solucións a ditas actividades en formato doc e pdf.
Espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA) do proxecto EDIXGAL.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Páxina web do profesor.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso escolar, realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

As probas seleccionadas inclúen os seguintes aspectos:

- a) Proba de lectura en voz alta dun texto descoñecido para o alumno, a través da que poderemos detectar os problemas que afectan a entoación, lectura expresiva, respecto aos signos de puntuación, problemas de articulación dos distintos fonemas, rapidez e axilidade na lectura, etc.
- b) Proba de comprensión de textos: o alumno deberá responder por escrito a unha serie de preguntas de dificultade variada sobre os contidos do que leu. Esta proba pode tamén ser aproveitada para unha primeira aproximación á corrección en expresión e ortografía do alumno.
- c) Proba de expresión oral: o alumno deberá resumir brevemente e en voz alta o texto que acaba de ler e facelo coas

súas propias palabras: Avaliarase a adecuación do rexistro adoptado, a coherencia e cohesión no desenvolvemento do discurso e a corrección do vocabulario.

d) Proba específica de contidos gramaticais: ortografía, clases de palabras, elementos básicos de sintaxe. Nesta proba incluírase a realización dun pequeno exercicio de redacción, a fin de observar as dificultades que o alumno poida presentar na elaboración de textos e a disposición das súas partes e estrutura. Servirá de proba de expresión escrita.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	50	36	51	35	40	49	42	38	36	40
<b>Táboa de indicadores</b>	50	64	49	65	60	51	58	62	64	60

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	44	<b>42</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	56	<b>58</b>

### Criterios de cualificación:

Probas ou exames escritos: suporán o 55% da nota. Realizaranse dous exames escritos por avaliación (un cada dúas unidades). Neles haberá cuestións de comprensión lectora e preguntas sobre os contidos de literatura e de coñecemento da lingua. Nestas probas escritas poderase ou ben incluír unha pregunta de ortografía e puntuación que pese un 10% da nota, ou ben reservar un 10% da nota para avaliar o desenvolvemento do alumno neses apartados ao longo de toda a proba.

Traballos, proxectos, producións: 10% da nota.

Controis ou actividades sobre os libros obrigatorios propostos: 15% da nota.

Traballo na aula, incluíndo a realización correcta (e dentro dos prazos) da tarefa diaria e o desempeño das destrezas de comunicación oral: 20% da nota.

Neste apartado inclúense as TAREFAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE: en cada trimestre realizarase unha ou dúas pequenas tarefas, que se puntuará sobre 10 e que se terá en conta, entre outros aspectos, a final de curso para valorar a adquisición das competencia clave. O traballo realizarase de forma individual ou en parellas e consiste fundamentalmente na elaboración de textos de tipoloxías variadas -tanto orais coma escritos- utilizando as TICs.

A nota final da materia será a media ponderada entre as tres avaliacións (1ª avaliación 30%, 2ª avaliación 30%, 3ª avaliación 40%). As medias calcúlanse sempre partindo da nota real e non da redondeada. Nas avaliacións trimestrais considerarase que o alumnado está aprobado cunha nota de 5 ou superior. Só na avaliación final realizarase o redondeo a partir do 4,5, considerándose o 4,6 xa aprobado.

Os exames e recuperacións deben realizarse nas datas previstas; se non se fai a proba, deberá xustificarse documentalmente: xustificante médico, do xulgado, etc. Se non se recibe a xustificación, a nota será de 0 nese exercicio. Os exercicios e/ou traballos entregaranse na data fixada. De non ser así, salvo que estea documentalmente xustificado, o alumno perderá a cualificación correspondente, sendo avaliado cun 0.

LECTURAS OBRIGATORIAS



Primeira avaliación:

Cesar Mallorquí: Las lágrimas de Shiva. Ed. Edebé.

Segunda avaliación:

Eloy Moreno: Invisible. Ed. Nube de tinta.

Terceira avaliación:

Carlos Ruiz Zafón : El príncipe de la niebla. Ed. Planeta.

Estas lecturas poden experimentar cambios en función do nivel e das necesidades detectadas no alumnado tras a avaliación inicial e o longo do curso.

### **Criterios de recuperación:**

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño que versará sobre as partes suspensas. Aqueles alumnos que non acaden os mínimos esixidos, traballarán especialmente naquelas competencias nas que non acadaron o resultado esperado. Este traballo realizarase a criterio do docente, xa que buscamos que o aprendizaxe se axuste ás fortalezas, necesidades, habilidades e intereses de cada estudante.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Ao longo do curso, se lle proporcionarán ao alumno unhas fichas correspondentes a actividades de cada avaliación. As actividades serán corrixidas polo profesor e servirán de guía para a preparación do exame da avaliación correspondente.

Realizaremos tres sesións de avaliación parciais. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

Dividiremos a materia en tres partes e procederemos do seguinte xeito:

Na primeira avaliación, avaliaremos aos pendentes desa primeira parte a mediados de decembro, na semana do 20 ao 24 de Novembro.

Na segunda avaliación, avaliaremos aos pendentes da segunda parte no mes de marzo, na semana do 26 de febreiro ao 1 de marzo.

Para a terceira avaliación, adiantaremos a terceira parte da materia ao mes de maio, na semana do 6 ao 10.

No caso de suspender, haberá un exame final no mes de xuño, na semana do 10 ao 14. A nota porase na avaliación final e o boletín final de pendentes entregarase con boletín da avaliación final.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Con estudantes que requiran medidas de atención á diversidade, aplicaremos as seguintes medidas:

Medidas ordinarias de atención educativa:

Estas medidas desenvolveranse con estudantes que teñan algunha circunstancia que lles impida seguir o ritmo clase ordinaria. Terán como referencia os obxectivos do curso.

Estas medidas poden afectar a metodoloxía, a organización, a adecuación das actividades, A temporalización e adaptación de técnicas, tempos e instrumentos de avaliación, así como os medios técnicos e recursos materiais que permiten o acceso ao alumno cunha necesidade específica de apoio educativa. En calquera caso, estas medidas tomarán como referencia os criterios de avaliación establecida con carácter xeral.

Medidas especializadas de atención educativa:

Adaptacións curriculares individuais (ACI) para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais. Estas medidas afectan aos elementos considerados preceptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación desta materia e polo tanto o grao de consecución de habilidades básicas. Estas adaptacións tomarán como referencia os criterios de avaliación establecida neles.

O obxectivo fundamental no proceso educativo é a construción do coñecemento no alumno. A situación de partida dos alumnos non é a mesma, e este feito xa deixou de ser visto como unha rémora para converterse nun dos puntos centrais da estratexia a seguir por todo proxecto educativo. A programación presenta en todas as súas propostas unha pluralidade tanto de materiais como de actividades de aprendizaxe.

Ante este reto, o noso proxecto parte dunha serie de criterios que detallamos:

Combinamos traballos colectivos e individuais para que o alumnado coñeza a estrutura e as vantaxes duns e doutros.

Contemplamos a finalidade práctica do ensino da lingua e dos diversos contextos culturais do alumnado, dende os máis próximos ( o xornal) ata os que poidan resultarlle máis alleos (os textos literarios)

Os contidos están pensados para que o alumnado poida realizar un inventario dos coñecementos xa traballados que lle permita a adquisición de novas aprendizaxes.

A maioría das actividades plantexadas para a adquisición das catro habilidades básicas (ler, escribir, falar e escoitar), e a axuda e a intervención do profesorado favorecen a avaliación formativa dos alumnos.

En cada unidade, distinguimos xa segundo a distribución dos temas o grado de complexidade de cada exercicio, determinando a súa consideración como actividade de esforzo, de repaso ou de ampliación. Os exercicios de repaso ou de consolidación dos coñecementos aseguran os contidos mínimos esixibles. As actividades de ampliación están pensadas para aqueles alumnos e alumnas que amosan un maior nivel. Os exercicios de reforzo irán dirixidos aos alumnos que non acaden os obxectivos mínimos. Loxicamente, a adscrición dun exercicio ou outro ao ámbito do reforzo, da ampliación ou da consolidación dependerá do tipo de alumnado, e será o profesor que decidirá que exercicios son os máis convenientes para os distintos alumnos.

Selección das actividades a partires dos intereses dos alumnos. Gracias a que a nosa materia traballa sobre todo con textos, é relativamente sinxelo atopar focos de interese dos alumnos, que serán explotados para levalos a traballar sobre os contidos do currículo. Neste ámbito entra tamén a incentiación de pequenos proxectos nos que os alumnos desenvolvan os aspectos do currículo que máis lles motiven.

Ademais, teranse en conta medidas específicas para os alumnos con necesidades de saúde concretas que afectan ao rendemento nas clases e fan convenientes pequenas adaptacións (por exemplo, dar máis tempo para facer as probas escritas, resaltar especialmente os enunciados desas probas, facer un seguimento máis estrito da atención na aula, etc.). Consultaremos co Departamento de Orientación e coas familias e seguiremos as súas indicacións.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Liberdade de expresión	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X
ET.3 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - Formación estética	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X
ET.7 - Liberdade de expresión	X	X	X	X

### Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarán en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Organización dun club de lectura	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X		
Participación na elaboración da revista escolar	Redacción de artigos na revista do instituto.		X	X
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Gravación de podcast con textos periodísticos e literarios	o programa "Radio na biblioteca" será o eixe para achegar os alumnos aos medios comunicación.		X	X
Asistencia á unha representación teatral	O alumnado asistirá á representación del obra teatral "La vuelta al mundo en 80 días"		X	
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Metodoloxía empregada
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explicáronse e corrixióronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Clima de traballo na aula
Puxéronse en práctica medidas para estimular o compañerismo e a colaboración dentro e fora da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.

#### Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

Avalíase a través do documento de Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polo Departamentos de Lingua castelá e Literatura do IES Mugar dos para avaliar a programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese na ESO un mínimo do 75% . Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica.

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior. O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas reunións do Departamento que seguen a cada avaliación, nas que se da conta das dificultades atopadas e nas que se proporán as solucións e axustes

necesarios.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## **9. Outros apartados**